

CAMIÑO DE PAROLADA

A partires da nosa saída de Lembranzas Galegas, e xa liberados da dinámica das montaxes tipo Sección Feminina, pasamos a ensaiar en diversos lugares: No domicilio de Xosé Manuel Fernández, onde se grava a primeira peza que compón Muxicas: a “Muiñeira da terraza” sobre unha liña melódica de Moxenas e harmonizada e completada polo resto dos compoñentes do grupo (da que se conserva aínda a gravación). No domicilio de Nazario, en San Pedro de Sárdoma. Nun local cedido pola AAVV de Coia, xestionado por Manolo Rin-Rin.



Domingo 4 de Xullo de 1982. Manolo Rin-Rin, Moxenas, Xosé Manuel, Xoán Somoza e Xosé A. Rey. actuando na entrega de trofeos do “VIII CAMPEONATO NACIONAL E INTERNACIONAL DE PESCA DEL TIBURÓN DEL ATLÁNTICO”

O día 28 de agosto de 1981 preséntaselle ó departamento de Obras Sociais da Caixa de Aforros Municipal de Vigo, a solicitude de Auditorio para realizar o primeiro dos 5 Festivais Folclóricos de Inverno de Vigo que organizamos. Axuntamos a carta, asinada polo encargado de aparelar todo o tinglado. Dese e do resto dos anos.



Nestas estabamos cando fomos convocados por Antón Cabaleiro, pandereiteiro e director de baile de “Froles Mareliñas”, para facer unha audición, nunha casa en Chapela, para un empresario que ía montar unha discográfica en Galicia. Estaba a buscar grupos para gravar discos.

Aquí aparece un home fundamental no devir do grupo: José Antonio Couceiro, propietario de Edigal. Tiñamos montado un amplo repertorio, formado por temas dos grupos ós que nós admirabamos, -Os Campaneiros, Os Cruceiros, Os irmáns Portela, Emilio Corral, Os amigos de Lugo, Os Garceiras, Os gaiteiros de Soutelo, Os Morenos de Lavadores, e un longo etc.-, temas dos Cancioneiros ós que tiñamos acceso, traballados có noso estilo peculiar, e temas da nosa propia autoría. Temas creados e harmonizados entre todos, con liñas melódicas aportadas por quen tivese unha idea, fose Moxenas ou fose Xosé Manuel, baixo a dirección artística e organizativa deste segundo. Tódolos temas de creación propia acordamos que se asinarían como de “Muxicas” porque daquela para nós era obvio que o resultado final da composición era de todos, e cada quen aportaba o que podía e sabía. Coma se fósemos un equipo.

Sei que a Couceiro, da discográfica, gustoulle o que estabamos a facer e ofreceunos a posibilidade de asinar un contrato para gravar un primeiro disco, nun día por determinar.

E ese día chegou. Non lembro a data exacta pero si que se desprazou unha unidade móbil dende Madrid, prestada por unha discográfica nacional (unha furgoneta co equipo de gravación dentro), e solicitaron e conseguiron o Auditorio do Centro Cultural de Valadares (antigo Teleclub) para seren utilizado pola tarde e sen hora de remate na noite. Largáronse as mangueiras pola fiestra. O técnico abaixo na furgoneta (Juan Vinader, que dese si me acordo, controlábanos por un monitor). Nós dentro do escenario, os cinco xuntos, co telón botado e cadanseu micro de diante máis un micro de pé para cada ronco. Podíase tocar, pero non moverse. Gravabamos unha, dúas ou tres tomas consecutivas, e cambiabamos de tema. Así. Todo seguido. Unha vez rematado e xa no furgón, o enxeñeiro e algúns de nós fixemos as audicións do gravado e decidimos qué toma ou qué fragmento de toma valía. Logo editáronse os temas nun dúas pistas, cortouse a man, pegouse a man, e listo. Daba xenio ver ó Juan Vinader buscar o golpe do bombo na gravación para saber onde cortar e pegar sen que se notase moito. Un auténtico artista. Tempo máis tarde enterámonos de que o tal Vinader era un dos enxeñeiros de son que traballaban para o Julio Iglesias ¡hei!

Aproveitando o tempo do ¿estudio de gravación? apareceron caras coñecidas, e outras que non, que viñan a gravar tamén un disco. Paco Barreiro, Xosé Manuel Conde, Antón Cabaleiro, Alfonso e algúns máis. O disco de “O Muiño” fíxose no mesmo día (noite) que o noso, no mesmo sitio; e, xa que estabamos por alí, tamén tocamos nós nalgúns temas. Menos mal que non se pechara o servizo de bar do Teleclub.

Neste primeiro disco de Muxicas graváronse algúns temas máis dos que ó cabo se editaron, e que non apareceron por diversos problemas: tomas deficientes, desafinacións evidentes, desincronizacións percusivas patentes. En fin. Diversos “...entes” imposibles de arranxar porque non había novas tomas, repeticións, pistas, ... pero a nós pareceunos igualmente un soño.

Un dos temas que non pasaron o corte para entrar no disco foi “A Barroca”. Unha Barroca moi distinta á que anos máis tarde aparecerá no segundo disco de Muxicas. Distinta basicamente porque no ano 1982 tocabamos con dúas gaitas en *DO brillante*, punteiros de Seivane, e para esa combinación de gaitas se fixera a primeira montaxe do tema. Montaxe realizada por Xosé Manuel unindo unha alborada composta por el mesmo xunto cun alzamento escollido por el no Cancioneiro de Casto Sampedro e unha muiñeira coa liña melódica básica aportada por Moxenas.

Aquí imos facer un aparte porque é necesario aclarar algúns conceptos que están a levar a erro a moita xente. Supoñemos que por falta de información. Nestes anos que estamos a describir, era frecuente que ós ensaios de Muxicas chegara Moxenas cunha micro gravadora, que mercara Na Pedra, e mostrara as melodías que se lle foran ocorrendo, asubiadas. O encargado de repertorio, Xosé Manuel, na escoita, determinaba qué liñas lle suxerían ou non posibilidades de montaxe, e qué agrupacións de fragmentos soltos podían dar un tema, fose quen fose o creador da melodía. O mesmo que facía cando escoitaba gravacións dos temas dos Cancioneiros. É salientable reseñar que era moi frecuente á necesidade de convencer a Moxenas das posibilidades que tiñan algunhas liñas melódicas súas xa que, en xeral, estaba convencido de que non ían valer para nada, ou iso dicía.

E con esas vimbias facíanse as nosas cestas. Esta información estamos seguros que axudará a entender a dinámica compositiva en Muxicas, e por qué nesta época se asinaban os temas como colectivos. Éramos unha unidade que funcionaba como unidade. E estaba ben. Outro tema, que non imos tratar aquí, é o de por qué un membro rexistrou os temas coma propios e os presentou a concursos coma obras súas. Esa historia queda para outro momento.

E xa por rematar os apuntamentos sobre “A Barroca”. Realmente sentímonos moi contentos (orgullosos tamén se podería poñer) co resultado acadado e a cantidade de xente á que lle gustou o tema. Pero é de xustiza recoñecer que a inspiración para montar un tema historiado como “A Barroca” tomouse do arranxo que fixeron Os Cruceiros do tema do D. José Torres Creo “O San Campio”, un tema para coro con letra do bispo Alonso, que contén varias escenas con ritmos diferentes. Invitamos a quen non coñeza o tema faga o posible por escoitalo na versión de “Os Cruceiros”. Unha delicia e unha ledicia.

Neste primeiro disco viron a luz 12 temas gravados por Xoán Somoza (bombo), Manolo “Rin-Rin” (tamboril), Nazario González “Moxenas” (gaita), Xosé Manuel Fernández (gaita) e Xosé A. Rey (pandeireta). (Ordenados segundo a foto da portada)



As fotografías tomáronse dende o Paseo de Alfonso XII, nas escaleiras que baixan ó barrio de Poboadores, e nos créditos figura como técnico de son Antonio Cabaleiro por cuestión de incompatibilidades contractuais. Pódense detectar erros garrafais na contraportada, froito das condicións de produción do disco: nós non tivemos ningún control sobre o deseño gráfico así que os textos saíron coma deus lles deu a entender. E ese día debían estar de festa. Senón non se entende.

O segundo tema da cara A, “A Carrasqueira” é realmente “A Carrasqueira”. O terceiro, a “Jota de Guía” é a “Jota da Guía”. O segundo tema da cara B, “O maxe os Morenos” é “Homenaxe ós Morenos”. O derradeiro tema é unha “Riveirana” cando debería dicir “Ribeirana”. E no remate do texto di “Este disco ven ser unha mostra do traballo realizado polo grupo MUSICAS astra agora”. ¡Nin sequera sabemos escribir o nome do noso grupo! Alucinamos. Pero, sen embargo, estabamos sumamente orgullosos. Mesmo houbo quen declarou publicamente que xa cumprira o soño da súa vida: ter un disco. Pois chegou a estar en dous.

Unha vez editado o primeiro disco, en vinilo e en casete, e xa tendo posto en marcha o segundo dos Festivais Folclóricos de Inverno, que foi un acontecemento que inventáramos para intentar dinamizar a vida musical tradicional nesa época tan apagada para os músicos que é o Nadal, polo menos en Vigo, quedaba definir o vieiro a coller cara ó futuro.

En 1982 fomos galardoados, e así o reflicte a prensa, co premio “Populares 82” na Sala de Festas Olimpia. Aínda que sempre estivemos convencidos de que a nosa discográfica tivo algo que ver en todo iso.

O día 19 de novembro do mesmo ano, a prensa local faixe eco da nova de que un grupo de gaiteiros de Vigo vai dar unha serie de concertos nun espazo pouco habitual para ese tipo de formacións: nun pub. Concretamente no Pub Charango, na rúa Carral de Vigo. É a primeira experiencia de Muxicas nun ámbito reservado ate ese momento para outros tipos de música. Non para as gaitas.

En 1983, o día 19 de maio, celébrase no Auditorio do Centro Cultural Cidade de Vigo un concerto conxunto de Muxicas co afamado grupo de Vigo “Os Cruceiros”. Este concerto artéllase uns meses antes, ó poñerse en contacto Xosé Manuel con Xesús Portela e con Enrique Otero, -gaiteiros que xa coñecía de cando tocaba con Pucho-, para propoñerlles un concerto compartido. Os Cruceiros é un grupo admirado polos membros de Muxicas, pero daquela xa nos sentimos capaces de compartir escenario e pé de igualdade co máis importante grupo de gaiteiros de Vigo do momento. Os Cruceiros, que nese intre estanse a ausentar gradualmente dos escenarios, reciben con ledicia a proposta. E tiramos para adiante. Preséntaselle o proxecto ó Concello de Vigo. (Creo lembrar que por ese concerto non cobramos un chavo ningún dos grupos, e como non había equipo alugado, porque era totalmente acústico, pois saíulle de balde). Foi un enorme éxito de público e crítica. Nun Auditorio totalmente cheo estaban reunidos a práctica totalidade de gaiteiros de Vigo e bisbarra, que non se quixeron perder o acontecemento. Ó cabo das actuacións programadas xuntámonos ámbolos dous grupos, en amor e compañía, tendo en conta que amais de Enrique e Xesús tamén estaban Mauro no bombo, Toniño López no tamboril e Quico na pandeireta. Todos vellos amigos. Quixera salientar un detalle que podería pasar desapercibido pero que ten unha enorme importancia para nós. Nas fotografías pódese observar a colocación dos percusionistas con respecto ós gaiteiros. En Muxicas sempre estiveron ó mesmo nivel, no mesmo plano. É unha cuestión conceptual reflectida logo nos discos. Se marca un punto de inflexión.



Os Cruceiros: Toniño , Xesús Portela , Quico Otero , Enrique Otero e Mauro



Muxicas: Manolo Rin-Rin , Moxenas , Xosé Manuel , Xoán Somoza e Xosé A. Rey



AXUNTAMENTO DE VIGO

CONCELLO CULTURAL da CIDADE DE VIGO
AXUNTAMENTO PRAZA DO REI

AUDITORIO

CONCIERTO DE MÚSICA TRADICIONAL

Día: 19 de Mayo de 1983
Hora: 8,30 tarde

www.muxicas.com

Historial do Grupo de Gaitas «OS CRUCEIROS»

O Grupo de Gaitas Os Cruceiros, nace no ano de 1968, dentro do Grupo de Danzas Venezas das Cies. Os Cruceiros acompañáronse durante moitos anos a este Grupo de Danzas representando toda a Península e algúns países estranxeiros.

O nome dos Cruceiros non é arbitrario, cos fundación do Grupo, sendo que nado o ano 1962 con motivo do 2º Concurso de Gaitas que se celebrou en Vigo, onde se presentáronse Os Cruceiros por primeira vez como Grupo independente de calquera outro Organismo, sendo un dos grandes animadores destes Concursos de Gaitas durante moitos anos, clasificándose sempre nos primeiros postos. Con motivo destes Concursos, foron en Vigo dous festivais do Mundo Celto, nos anos de 1964 e 1968.

No ano de 1964 Os Cruceiros grabou os seus primeiros discos na Casa Colombi; sete meses Casa grabados, en 1971, volven editar a este grupo para unha nova grabación, que en esta ocasión é un LP, en Estéreo; esta disco vende se bastante actualmente no mercado despois de dous anos de ser grabado; por esta motivo a Casa grabadora non quise elixir a un novo artista con este Grupo para unha nova grabación, polo tanto alzáronse.

En 1974 Os Cruceiros fixo unha nova grabación, nos dous singles na Casa Melles; estes discos non se encontran no mercado por estar desactualizados.

Os Cruceiros desde a súa creación foron un colectivo de música popular, buscados as raíces puras do noso folclore, e recoñecendo nos Cruceiros. Apoiados para formar moxillas, que foron a base para o crecemento e a súa propia música. Este Grupo creceu e a súa propia música con novas formas de interpretación, que sería recoñecida por moitos Grupos de Gaitas en todos estes últimos anos. Actualmente, Os Cruceiros teñen un extenso repertorio de música propia.

Programa

PRIMEIRA PARTE

GRUPO DE GAITAS «OS CRUCEIROS»

Avarita	Mulleres Recollidas dos Campesinos.
Marcha procesional da Coruña. (Trad.)	Portavento
E toco de padalinas	Folada Emilio Otazo Vda. Grupo de Gaitas Os Cruceiros de Meliz.
Mulleres dos Cruceiros	Os Cruceiros.

QUINTETO TRADICIONAL «MUXICAS»

Galga	(Trad.) Cantarinos de Castro Sardeñán
Fandango	(Trad.) Cantarinos de Bal y Gay
Famagosta, chabón e porta	(Trad.) Recollido dos gaiteros do Stud's.
Música de Chantada	(L.) Recollido dos gaiteros do Stud's.

SEGUNDA PARTE

GRUPO DE GAITAS «OS CRUCEIROS»

Penobredentes de Arnois	Abrilada e Fustina Benlloca.
Lanzadeira do galego	Os Cruceiros.
Abrilada da Lanzadeira	Arlequina Recollido dos Cruceiros.
Racorda	Mulleres Arlequina Recollido dos gaiteros «Castigo e Agrietas».

QUINTETO TRADICIONAL «MUXICAS»

Jota pro Sotelo	Música.
Avarita	Música.
Folada de Arnois	Música.
Revinella	Música.

Historial de «MUXICAS»

Os colaboradores deste grupo existían en Vigo no ano 1973 no ano da Agrupación Folclórica LEMBRANZAS GALEGAS. Acompañáronse o grupo de danza desta Agrupación nas nosas actuacións por toda Galicia e Portugal (de tamén sendo concursa) ó concurso da TVE «Gosto Joven» ó tempo que se alzáronse a estudar os bailes e danzas dos grupos de Vigo a hiberna e a recoller datos de tradición viva nosas páis.

Malta a súa interese fundamentalmente a súa música instrumental exclusivamente e por iso se ven desenvolver de Lanzadeira Galega, desenvolvendo este aspecto no nome MUXICAS, un colectivo que inicialmente a súa creación un colectivo, en Vigo e tamén lugares, traxos de Galicia de Vigo para unha actuación nosa no ano 1976 (isto foi) que con un grupo de músicos deste colectivo tradicional, a súa música, que é que se desenvolveu estas relacións que foron os 3 quintetos de nosa música de nosa cultura e toda Galicia.


Actualmente están o traballo de música tradicional galega, a súa recoñecida (Recoñecemento nos Concursos de D. Carlos Sardeñán y Folgar e do J. Bal y Gay, instrumentos tradicionais para a recoñecemento de nosa música) e a de tradición «viva». O mesmo tempo que se ven a súa música nosa material, esta nosa música coñecemos tamén nosa música, dentro dos aspectos tradicionais.

Desde 1970 MUXICAS ven traballo. O lado de labor de investigación e composición e o traballo personal e colectivo de música, está a labor para a música. O tempo de súa investigación labor realizado en festas locais, momentos e festivais por toda Galicia (Os de Mulleres en Vigo, Festas do Galgo (Cartelle), festas de Peregrinos (Portavento), de San Cristóbal (Caigas), participan como músicos no VII Concurso Internacional de Fonce da Filadelfia do Albiñón. Fomos o grupo de gaitas máis popular do ano do 82 organizado por Novo Océano...) e participan tamén en dous concursos: no «1º Concurso de Galgo do País» celebrado en Barcelona (27-11-81) gaitas MUXICAS o «1º» posto entre 32 grupos e recibiu tamén unha mención especial no apartado de composición do Concurso pola súa paz «Parvitas»; premio á mellor grupo de gaitas (compañía) nos Xornados de Folclore Galego de Santiago en xullo de 1982.

Malta a súa música de 1980 isto coñeceu algúns outros temas: a creación e organización do FESTIVAL FOLKLÓRICO DE INVERNO DE VIGO, que sempre cara a súa terceira edición, a grabación, en xaneiro de 1982, do LP «FOLKLÓRICO» o feito de termos levado a un país de «Charringo» de Vigo a música tradicional galega, feita esta agora recollida e tamén os instrumentos tradicionais diácticos en televisión e asociación cultural, como a celebrado en maio de 1982 no Auditorio do Ayuntamiento viguesa (Centro Cultural Cidade de Vigo) no marco das «1 Xornadas de Música Tradicional».

O grupo MUXICAS, que ten un estilo de interpretación máis propio á establecer un fructífero diálogo entre os seus cinco instrumentos, segue hoxe a traballo, e coñece moitos velos sobre os nosos diácticos que coñece de Danzas das Letras Galegas (1983) dentro dos diversos acontecementos galegos (7a, Rosalinda, Vigo, Santiago...). Tamén traballa actualmente na preparación de súa segunda disco.

Uns días antes do concerto cos Cruceiros, o 15 de maio, dentro do programa da Festa das Letras Galegas 83 a celebrar na Praza da Quintana en Santiago ten lugar un “recital de música galega (gaita) polo Quinteto Tradicional Muxicas”. A continuación vai a imaxe do programa. É moi de subliñar que estamos no ano 1983, un ano despois do primeiro disco. Pero o repertorio que se toca é en gran parte o que vai aparecer no segundo disco, tres anos máis tarde.



Seguimos a preparar novos temas, propios e alleos seguindo os criterios xa utilizados, organizamos concertos de todo tipo: didácticos, de cámara, en pubs, en Centros Culturais, en Asociacións de Veciños, festas (poucas), e chega o momento de poñer dirección ó foco. Cara onde tiramos?